

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

14777 *REAL DECRETO 1382/2008, do 1 de agosto, polo que, en desenvolvemento da Lei 18/2007, do 4 de xullo, pola que se procede á integración dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario da Seguridade Social no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, e da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, se modifican diversos regulamentos xerais no ámbito da Seguridade Social. («BOE» 219, do 10-9-2008.)*

A Lei 18/2007, do 4 de xullo, procedeu a integrar os traballadores por conta propia do réxime especial agrario da Seguridade Social no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2008, creando, ao mesmo tempo e con idéntica data de efectos, dentro do último dos ditos réximes, o sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, que presenta uns mecanismos específicos de cotización. Para os efectos da acreditación e posterior comprobación pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social dos requisitos para a inclusión no citado sistema especial, a citada lei remítese á forma e prazos que regulamentariamente se determinen.

Pola súa banda, a Lei 20/2007, do 11 de xullo, pola que se regula o Estatuto do traballo autónomo, contén diversas previsións en materia de Seguridade Social, entre as que están algunhas cunha incidencia directa no encadramento e a cotización dos traballadores por conta propia ou autónomos no sistema da Seguridade Social, como son as relativas á cobertura da incapacidade temporal e das continxencias profesionais dos ditos traballadores e á posibilidade que estes teñen de contratar como traballadores por conta allea os seus fillos menores de 30 anos, medidas que ademais se atopan estreitamente relacionadas coas da Lei 18/2007, do 4 de xullo.

O obxecto deste real decreto consiste en aplicar e dar o necesario desenvolvemento regulamentario ás referidas medidas legais no relativo ao encadramento e cotización dos traballadores do réxime especial agrario e do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, en particular, dos incluídos no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, así como á colaboración que as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social prestan na cobertura da súa incapacidade temporal e continxencias profesionais.

Para iso, procedeuse a efectuar as modificacións oportunas nos regulamentos xerais que regulan as materias antes indicadas.

En primeiro lugar, o Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, no cal se retoca ou se dá nova redacción aos preceptos reguladores das peculiaridades que sobre tales materias presentan os réximes especiais agrario e dos traballadores por conta propia ou autónomos, en particular, polo que se refire á cobertura da incapacidade temporal e das continxencias profesionais neste último réxime e ás especificidades do sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, a que se dedica un novo artigo en que se regula, alén da dita cobertura, o procedemento para a

acreditación e comprobación dos requisitos que determinan a inclusión nel.

A continuación, modifícase o Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, dando nova redacción á subsección 1.^a da sección 3.^a do seu capítulo II, relativa á cotización a cargo dos traballadores no réxime especial agrario, que agora pasa a estar referida soamente a traballadores por conta allea. Pola súa parte, a regulación da cotización no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, en particular, a relativa á incapacidade temporal e ás continxencias profesionais, tamén se adapta ás novidades legais antes expostas.

O Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, ve ampliada a redacción do seu artigo 56, sobre prazos regulamentarios para o ingreso de cotas, co fin de completar a regulación que no Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social se efectúa en materia de comprobación e revisión da inclusión no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios.

Finalmente, refórmanse os artigos do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, que resultaron afectados polas leis 18/2007, do 4 de xullo, e 20/2007, do 11 de xullo, canto á formalización da cobertura da incapacidade temporal e das continxencias profesionais dos traballadores por conta propia ou autónomos.

Na parte final deste real decreto recóllense diversas previsións transitorias e regúlense situacións especiais que se deberán considerar como consecuencia das reformas que nel se abordan, e derróganse expresamente, así mesmo, algúns artigos do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social que se viron afectados polas reformas legais a que agora se dá aplicación e desenvolvemento.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 5 e na disposición derradeira sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, e das habilitacións específicas contidas na disposición derradeira segunda da Lei 18/2007, do 4 de xullo, e na disposición derradeira terceira da Lei 18/2007, do 11 de xullo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros, na súa reunión do día 1 de agosto de 2008,

DISPÓN O:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.*

O Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, modifícase nos seguintes termos:

Un. Súmanse dous novos parágrafos ao número 1 e modifícase o parágrafo primeiro do número 2 do artigo 40, nos seguintes termos:

«A declaración sinalada no parágrafo anterior non será obxecto de presentación cando se trate de

fillos menores de 30 anos de traballadores autónomos que sexan contratados por estes como traballadores por conta allea, aínda que convivan con eles, conforme as disposicións adicionais terceira da Lei 18/2007, do 4 de xullo, e décima da Lei 20/2007, do 11 de xullo, circunstancia que se fará constar nos documentos ou sistemas especialmente establecidos para solicitar a alta dos traballadores por conta allea. Cumprida a idade indicada, para que tales familiares poidan continuar incluídos como traballadores por conta allea no réxime de Seguridade Social que corresponda, será necesario presentar a referida declaración no prazo dos 30 días naturais seguintes ao do cumprimento da dita idade.

Nestes supostos, os fillos que convivan cos traballadores autónomos non cotizarán pola continxencia de desemprego ata que cumpran a idade de 30 anos.

2. O traballador autónomo que sexa titular do negocio industrial ou mercantil ou da explotación agraria ou marítimo-pesqueira responderá subsidiariamente do cumprimento das obrigas de afiliación, alta, baixa e comunicación de variacións de datos que correspondan aos familiares que, por realizaren unha actividade en tal negocio ou explotación, estean comprendidos no campo de aplicación do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos e, como traballadores por conta propia, do réxime especial dos traballadores do mar.»

Dous. O número 1 do artigo 41 queda redactado do seguinte xeito:

«1. Deberanse solicitar tantas altas e baixas de quen estea na situación de pluriactividade que se determina no artigo 7.4.1.º cantos sexan os réximes en que estea comprendido; realizarán isto as persoas nas formas e condicións xerais establecidas nos artigos 29 e seguintes deste regulamento.

No suposto de realización simultánea de dúas ou máis actividades que dean lugar á inclusión no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, a alta no dito réxime, así como a cotización a este, serán únicas e practicaranse nos termos indicados polos artigos 46.3 e 47.4.4.ª deste regulamento.

En todo caso, se unha das actividades determinase a inclusión no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, a alta practicarase por esa actividade.

As direccións provinciais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e as administracións da Seguridade Social delas dependentes poderán pedir, para estes efectos, informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social.»

Tres. O artigo 45 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 45. *No réxime especial agrario.*

1. Os traballadores comprendidos no campo de aplicación do réxime especial agrario da Seguridade Social estarán obrigados á súa inscrición no censo a que se refire a sección 2.ª do capítulo II do texto refundido do dito réxime especial, aprobado polo Decreto 2123/1971, do 23 de xullo; para estes efectos aplicaranse as normas seguintes:

1.ª A obriga de solicitar a inscrición no censo nace desde o momento en que o traballador reúna as condicións que determinan a súa inclusión no campo de aplicación deste réxime especial.

2.ª A solicitude de inscrición no censo, formas de promoverla, prazo, lugar, formalidades para a súa práctica e efectos da dita inscrición, así como a comunicación das variacións que se produzan, rexe-

ranse polas normas establecidas para a afiliación e a alta nos artigos 23 e seguintes deste regulamento, coas especialidades seguintes:

a) Ás solicitudes de inscrición no censo dos traballadores que ocupen en labores agrarios, formuladas con anterioridade ao comezo da prestación de servizos, así como respecto dos xa inscritos nel, os empresarios deberán acompañar unha comunicación na forma que determine a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, en que figuren os datos persoais e a data prevista para a realización da primeira xornada real de cada un dos traballadores agrarios que empreguen.

Así mesmo, dentro dos seis primeiros días de cada mes natural, os empresarios deberán comunicarlle á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, na forma que esta determine, o número total de xornadas prestadas a eles por cada traballador durante o mes natural anterior ou, se é o caso, a non-realización da comunicada con carácter previo a que se refire o parágrafo anterior.

En caso de cesamento definitivo na relación laboral para os traballadores fixos esta comunicación deberase realizar no prazo de seis días desde a última xornada real realizada.

Ao finalizar a súa prestación de servizos, os empresarios deberánlle entregar a cada traballador un xustificante da realización de xornadas reais, en que consten os datos do empresario, as datas de iniciación e finalización e o número total de xornadas prestadas.

Para acreditar a actividade agraria o traballador poderá obter da Tesouraría Xeral da Seguridade Social un xustificante da realización de xornadas reais, en que consten os datos do empresario, o tipo de relación laboral, fixa ou eventual, as datas de iniciación e finalización da actividade agraria, o número total de xornadas prestadas ao empresario e as datas en que tivo lugar a actividade.

b) A petición de inscrición do traballador no censo polo empresario equivalerá ás solicitudes de afiliación e de alta daquel neste réxime especial. Así mesmo, a comunicación polo empresario da realización de xornadas reais equivale á solicitude de inclusión no censo se o traballador non figurase xa inscrito nel.

Para acreditar a realización dos labores agrarios e demais circunstancias determinadas nos artigos 2 e seguintes do texto refundido do réxime especial agrario da Seguridade Social, tanto para os efectos da alta como da permanencia e da baixa nel, os interesados poderán utilizar todos os medios de proba admitidos en dereito e, en especial, a comunicación de iniciación e finalización de xornadas reais.

c) A inscrición dos traballadores no censo producirá efectos de afiliación ao sistema da Seguridade Social para aqueles que previamente non estivesen afiliados e equivalerá á súa alta, inicial ou sucesiva, neste réxime especial, producindo efectos verbo da cotización e da acción protectora conforme o establecido polo artigo 35.5 deste regulamento.

d) As obrigas dos empresarios establecidas nos números anteriores son independentes daquelas que lles correspondan canto á protección das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais respecto dos traballadores por conta allea que lles presten servizos, conforme o establecido no artigo 14 deste regulamento.

3.ª A baixa neste réxime especial terá lugar cando o traballador non realice labores agrarios por conta allea nos termos e condicións fixados neste artigo ou cando se comprobe que foi dado de alta

indebidamente, caso en que se observará o disposto no artigo 60.

A situación de inactividade nos ditos labores agrarios, realícense ou non outras actividades, unicamente motivará a baixa neste réxime especial cando non sexa expresamente solicitada polo traballador, nos supostos seguintes:

a) Nos casos de inactividade total ou en que o traballador se dedique, con carácter exclusivo e ininterrompidamente, a outras actividades durante períodos superiores a seis meses naturais consecutivos contados desde o día de inicio da outra actividade ou, no suposto de inactividade total, desde o momento do cesamento nos seus labores agrarios por conta allea, que se entenderá producido desde a finalización do último mes en que se efectuase a última xornada real ou, se é o caso, desde a finalización da percepción da prestación, o subsidio por desemprego ou a renda agraria, sempre que se ingresen as cotas fixas correspondentes relativas a ese traballador. Para eses efectos, excluíranse do cómputo de tales períodos de tempo aqueles en que os traballadores se atopan nas situacións de incapacidade temporal, maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, aínda que non teñan dereito ao percibo do subsidio correspondente por falta do período de cotización mínimo exixido, se é o caso.

Nestes supostos, os traballadores agrarios deberán solicitar a baixa neste réxime especial dentro do prazo dos seis días seguintes a aquel en que se supere o indicado límite e a citada baixa producirá efectos a partir do día primeiro do sétimo mes seguinte a aquel en que se iniciasen as outras actividades ou ao da última xornada realizada polo traballador ou da finalización da percepción da prestación, o subsidio por desemprego ou a renda agraria.

Transcorrido o dito prazo sen presentación da solicitude de baixa, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá acordala de oficio.

b) Cando non exista comunicación da realización de xornadas reais durante seis meses naturais consecutivos e sen que durante eles o traballador ingrese a cota fixa correspondente a este réxime especial, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social dará de baixa o dito traballador con efectos do último día do mes en que realizase a última xornada real comunicada.

4.^a Os traballadores agrarios incluídos neste réxime especial que realicen, por un período superior a seis meses, naturais e consecutivos, traballos en virtude dos cales quedasen encadrados nun réxime distinto do agrario da Seguridade Social causando baixa neste, unha vez que finalizasen os traballos citados ou esgotasen as correspondentes prestacións económicas da Seguridade Social, incluídas as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito polos ditos traballos, poderán solicitar e obter a súa inscrición no censo agrario da Seguridade Social, sen necesidade de acreditar novamente os requisitos de habitualidade e medio fundamental de vida para a inclusión no réxime especial agrario, sempre que a solicitude se formule dentro dos tres meses seguintes á data de finalización dos traballos ou das prestacións ou subsidios indicados.

5.^a Nos supostos a que se refiren as normas anteriores, cando o traballador inicie ou finalice a súa actividade agraria por conta allea sen coincidir co principio ou fin de mes natural ou non coincida a data prevista ao respecto coa comunicada polo

empresario ou o traballador, a inscrición ou a baixa no censo deste réxime especial producirá efectos, respectivamente, desde o día en que comece a actividade agraria no dito mes ou desde o día en que deixase de reunir as condicións para estar incluído no dito réxime.

6.^a Correspóndelle á Tesouraría Xeral da Seguridade Social o recoñecemento do dereito á inscrición dos traballadores no censo e á súa baixa nel. Poderá requirir os datos, documentos ou informes pertinentes para acreditar a concorrencia dos requisitos determinantes da inclusión ou da baixa no censo.

7.^a As variacións das circunstancias que concorrán nos traballadores inscritos no censo e que determinen a modificación da contía da súa cotización mensual producirán efectos a partir do mes natural seguinte á data en que tales variacións tiveron lugar, se foron comunicadas en prazo, e do mes seguinte a aquel en que foron coñecidas pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, noutro caso, salvo que se probe que se produciron con anterioridade, caso en que producirán efectos desde o mes seguinte a aquel en que tiveron lugar, sen prexuízo das sancións e demais efectos que procedan.

2. Compételle á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a constitución do censo laboral de traballadores agrarios ou a actualización do existente, así como establecer e actualizar, se é o caso, un censo de empresarios agrarios, e deberá realizar periodicamente operacións censuais para garantir a exactitude e vixencia dos datos relativos a traballadores e empresarios.

3. Nos supostos de pastores, gardas rurais e de coutos de caza e pesca, e gardas particulares do campo encadrados no réxime especial agrario da Seguridade Social, que teñan ao seu cargo a custodia de gando ou a vixilancia de explotacións agrarias de varios propietarios ou titulares, todos e cada un destes serán responsables, en forma solidaria, do cumprimento da obriga de formalizar a protección por accidentes de traballo e enfermidades profesionais e das consecuencias que deriven do seu incumprimento.»

Catro. O artigo 46 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 46. *No réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos. Afiliación, altas e baixas.*

1. A afiliación, altas, baixas e variacións de datos dos traballadores comprendidos no campo de aplicación deste réxime especial efectuaranse conforme as peculiaridades sinaladas nos números seguintes, sen prexuízo das establecidas especialmente no artigo 47 bis respecto a quen estea incluído no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios.

2. As afiliacións e as altas, iniciais ou sucesivas, serán obrigatorias e producirán efectos tocante á cotización e á acción protectora desde o día primeiro do mes natural en que concorrán na persoa de que se trate as condicións determinantes da súa inclusión no campo de aplicación do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, sempre que se solicitasen nos termos establecidos polo artigo 32.3 deste regulamento.

1.^o As altas solicitadas fóra do prazo regulamentario terán así mesmo efectos desde o día primeiro do mes natural en que se reúnan os requisitos para a inclusión neste réxime especial.

En tales supostos e sen prexuízo das sancións administrativas que procedan polo seu ingreso fóra de prazo, as cotizacións correspondentes a períodos anteriores á formalización da alta serán exixibles e producirán efectos tocante ás prestacións unha vez que fosen ingresadas, coas recargas que legalmente correspondan, salvo que por aplicación da prescripción non fosen exixibles esas cotas nin por iso válidas para os efectos de prestacións.

As referidas cotizacións darán tamén lugar á remuneración de xuros desde a data en que deberon ser ingresadas e conforme o tipo de xuro legal do diñeiro vixente no momento do pagamento.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social daralle conta das altas solicitadas fóra do prazo regulamentario á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

2.º Procederán a afiliación e a alta de oficio neste réxime pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social nos supostos que resultan dos artigos 26 e 29.1.3.º deste regulamento, e producirán igualmente efectos desde o día primeiro do mes natural en que resulte acreditada a concorrencia dos requisitos para a inclusión neste réxime especial, nos termos e co alcance previstos no número 1.º precedente.

3. Cando os traballadores autónomos realicen simultaneamente dúas ou máis actividades que dean lugar á inclusión neste réxime especial, a súa alta nel será única, e deberán declarar todas as súas actividades na solicitude de alta ou, de se producir a pluriactividade despois dela, mediante a correspondente variación de datos, nos termos e cos efectos sinalados nos artigos 28 e 37 deste regulamento. Do mesmo modo se procederá no caso de que varíe ou finalice a súa situación de pluriactividade.

En función das ditas declaracións, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social daralle conta das actividades desempeñadas en cada momento á mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social con que o traballador formalizase a cobertura da prestación económica por incapacidade temporal e, se é o caso, das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

4. As baixas dos traballadores neste réxime especial producirán efectos desde o día primeiro do mes seguinte a aquel en que cesasen na actividade determinante da súa inclusión, sempre que se solicitasen no prazo e forma establecidos.

1.º Cando, malia deixar de reunir os requisitos e condicións determinantes da inclusión neste réxime especial, o traballador non solicitase a baixa ou a solicitase en forma e prazo distintos aos establecidos para o efecto, ou ben a baixa se practicase de oficio, a alta así mantida producirá efectos en canto á obriga de cotizar nos termos que se determinan no artigo 35.2 deste regulamento e non será considerado en situación de alta en canto ao dereito ás prestacións.

2.º A Tesouraría Xeral da Seguridade Social daralle conta das baixas solicitadas ou practicadas fóra do prazo regulamentario á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

5. Ás solicitudes de alta e baixa de traballadores neste réxime especial deberanse xuntar os documentos e medios de proba determinantes da procedencia dunha ou doutra. Para tales efectos poderanse xuntar algún ou algúns dos que a continuación se especifican:

a) Documento que acredite que o solicitante posúe a titularidade de calquera empresa individual ou familiar ou dun establecemento aberto ao público

como propietario, arrendatario, usufrutuário e outro concepto análogo ou documento acreditativo do cesamento na dita titularidade.

b) Xustificante de aboar o imposto sobre actividades económicas ou calquera outro imposto pola actividade desempeñada ou certificación de non aboar ese imposto, un e outra referidos, como máximo, aos últimos catro anos.

c) Copia das licenzas, permisos ou autorizacións administrativas que sexan necesarios para o exercicio da actividade de que se trate e, no seu defecto, indicación do organismo ou administración que as concedese ou copia da documentación acreditativa da súa extinción ou cesamento.

d) Declaración responsable do interesado e de calquera outro, proposto ou non polo solicitante, que lle sexa requirida para estes efectos pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.»

Cinco. O artigo 47 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 47. *No réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos. Cobertura de determinadas continxencias.*

1. A protección da incapacidade temporal derivada de continxencias comúns e das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais polos traballadores comprendidos no campo de aplicación deste réxime especial efectuarase conforme as peculiaridades sinaladas nos números seguintes, sen prexuízo das establecidas especialmente no artigo 47 bis respecto a quen estea incluído no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios.

2. A cobertura da prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns neste réxime especial terá carácter obrigatorio, sen prexuízo do previsto no número seguinte, e deberase formalizar cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, que estará obrigada a aceptar toda proposta de adhesión que se lle formule para tal efecto, conforme o previsto nos artigos 74 e 75 do Regulamento xeral sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro.

3. Os traballadores autónomos que teñan cuberta a prestación por incapacidade temporal noutro réxime do sistema da Seguridade Social en que tamén se encontren en alta poderán, en canto se manteña a súa situación de pluriactividade, acollerse voluntariamente á cobertura da dita prestación neste réxime especial así como, se é o caso, renunciar a ela.

O indicado no parágrafo anterior non será de aplicación aos traballadores autónomos que, aínda encontrándose en situación de pluriactividade con alta noutro réxime, teñan a condición de economicamente dependentes ou desempeñen actividades en que a cobertura das continxencias profesionais resulte obrigatoria polo seu maior risco de sinistralidade.

A opción e a renuncia á protección da incapacidade temporal efectuaranse conforme as seguintes normas:

1.ª A opción en favor da dita cobertura, que se deberá formalizar cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social nos termos sinalados no número 2, poderase realizar no momento de causar alta neste réxime

especial e os seus efectos coincidirán cos da dita alta.

De non se exercer a opción a que se refire o parágrafo anterior, estes traballadores poderán optar por acollerse a esta protección mediante solicitude por escrito que se deberá formular antes do 1 de outubro de cada ano, con efectos desde o día 1 de xaneiro do ano seguinte.

Os dereitos e obrigas derivados da opción en favor da cobertura da prestación por incapacidade temporal serán exixibles durante o período dun ano natural, que se prorrogará automaticamente por períodos de igual duración.

2.^a A renuncia á cobertura da prestación de incapacidade temporal poderase realizar, mediante solicitude por escrito, nos seguintes supostos:

a) Con carácter xeral, antes do 1 de outubro de cada ano, con efectos desde o día 1 de xaneiro do ano seguinte.

b) Cando a situación de pluriactividade se produza con posterioridade á alta neste réxime especial, dentro dos 30 días seguintes ao da alta pola nova actividade, con efectos desde o día primeiro do mes seguinte ao da renuncia. Noutro caso, será de aplicación o disposto na letra a).

c) Cando os traballadores deixen de reunir os requisitos para posuír a condición de economicamente dependentes ou de desempeñar unha actividade con alto risco de sinistralidade, permanecendo en alta neste réxime especial, con efectos desde o primeiro día do mes seguinte a aquel en que se extingue o respectivo contrato ou en que finalizase a referida actividade, sempre que a variación de datos correspondente se comunique dentro de prazo; noutro caso, a cobertura manterase ata o último día do mes en que produza efectos a referida variación, nos termos previstos polo artigo 37.3 deste regulamento.

A renuncia realizada nos supostos anteriores non impedirá exercer novamente a opción por esta cobertura, sempre que transcorrese, como mínimo, un ano natural desde que tivo efectos a renuncia anterior.

3.^a Nos supostos de cambio de mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, os efectos da opción por esta cobertura ou da renuncia a ela terán lugar desde o día primeiro do mes de xaneiro do ano seguinte ao da formulación da correspondente opción ou ao de presentación da renuncia.

Cando na data de efectos da opción e da renuncia a que se refiren as regras anteriores, ou ben do cambio de mutua a que se refire o parágrafo anterior, o traballador se atopase en situación de incapacidade temporal, tales efectos demoraránse ao día primeiro do mes seguinte a aquel en que se produza a alta médica.

4.^a A cobertura da prestación por incapacidade temporal, estean ou non acollidos os traballadores a ela, pasará a ser obrigatoria nos seguintes supostos:

a) Cando finalice a situación de pluriactividade con mantemento da alta neste réxime especial, con efectos desde o día primeiro do mes en que cese a pluriactividade.

b) Cando os traballadores pasen a ter a condición de economicamente dependentes ou a desempeñar unha actividade profesional con elevado risco de sinistralidade, con efectos desde o día primeiro do mes en que se reúna tal condición ou se iniciase a referida actividade profesional.

4. A cobertura das contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais neste réxime especial efectuarase conforme as seguintes normas:

1.^a A protección terá carácter voluntario, agás para os traballadores autónomos economicamente dependentes e para aqueles que estean obrigados a formalizar a súa cobertura por desempeñar unha actividade profesional cun elevado risco de sinistralidade.

A formalización desta cobertura deberase efectuar coa mesma mutua con que se formalizase ou se formalice a protección da prestación económica por incapacidade temporal.

2.^a A opción en favor desta cobertura, a renuncia a ela e, se é o caso, a súa conversión en obrigatoria terán lugar na forma, prazos e cos efectos establecidos no número 3 respecto á prestación económica por incapacidade temporal, coa excepción das normas 2.^a b) e 4.^a a) do dito número.

3.^a Nos supostos en que, de conformidade co número 3, se opte pola protección da prestación por incapacidade temporal tamén se poderá optar pola das contingencias profesionais, cuxos efectos coincidirán cos da cobertura da dita prestación. De non se exerceren simultaneamente ambas as dúas opcións, a protección das contingencias profesionais poderase solicitar antes do 1 de outubro de cada ano, con efectos desde o día 1 de xaneiro do ano seguinte.

Nestes casos, a renuncia á cobertura da prestación por incapacidade temporal suporá en todo caso a renuncia á das contingencias profesionais, sen que a renuncia a esta implique a renuncia á protección por incapacidade temporal, salvo que así se solicite expresamente.

4.^a No caso de traballadores que realicen varias actividades que dean lugar a unha única inclusión neste réxime especial, a que se refire o artigo 46.3, a cobertura dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais practicarase por aquela das súas actividades a que resulte aplicable o tipo de cotización máis alto entre os recollidos na tarifa de primas vixente.»

Seis. Engádese un novo artigo 47 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 47 bis. *No sistema especial para traballadores por conta propia agrarios establecido dentro do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.*

1. A inclusión neste sistema especial como consecuencia da afiliación e a alta, inicial ou sucesiva, no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, axustarase ao disposto no artigo 46.2 deste regulamento.

A inclusión solicitada por traballadores que xa estivesen en alta no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos terá efectos desde o día primeiro do mes seguinte a aquel en que se presente a respectiva solicitude.

2. Para os efectos de acreditar os requisitos exixidos para a inclusión neste sistema especial polo artigo 2 da Lei 18/2007, do 4 de xullo, os interesados, no momento de presentar a súa solicitude de incorporación, deberán cubrir unha declaración xustificativa do cumprimento daqueles.

A solicitude deberá ir acompañada, así mesmo, pola seguinte documentación:

1.^o Documentación que acredite a titularidade de, polo menos, unha explotación agraria.

2.º Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao exercicio anterior ao da petición de inclusión neste sistema especial, a menos que o interesado non estivese obrigado a presentala. Esta documentación non se exixirá nos supostos de inclusión neste sistema especial por inicio da actividade agraria.

3. A comprobación por parte da Tesouraría Xeral da Seguridade Social do cumprimento dos referidos requisitos, a que quedará condicionada a validez da inclusión no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, así como a súa revisión, realizarase conforme as seguintes normas:

1.ª De conformidade co previsto nos artigos 36.6 da Lei xeral da Seguridade Social e 95.1.c) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, as administracións tributarias subministraranlle á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, con periodicidade anual, información sobre os datos das declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes aos traballadores incluídos neste sistema especial que permita determinar a súa renda total e a parte de renda procedente da actividade agraria, a que se refire o artigo 2.1.a) da Lei 18/2007, do 4 de xullo.

Para tales efectos, consideraranse renda total e renda agraria do titular dunha explotación as determinadas polo artigo 5 da Orde do 13 de decembro de 1995, pola que se desenvolve o número 1 do artigo 16 e a disposición derradeira sexta da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

2.ª A base máxima de cotización no réxime xeral que se considerará para a comprobación do cumprimento do requisito establecido no artigo 2.1.b) da Lei 18/2007, do 4 de xullo, será a vixente no exercicio económico en que se efectúe tal comprobación.

3.ª A Tesouraría Xeral da Seguridade Social comprobará periodicamente o número de traballadores por conta allea fixos, incluído os fixos-descontínuos, que figuren en alta ao servizo dos traballadores incluídos neste sistema especial, así como o número de xornais satisfeitos aos traballadores eventuais ao seu servizo, a que se refire o artigo 2.1.c) da Lei 18/2007, do 4 de xullo.

4.ª Nos supostos de solicitudes iniciais de inclusión neste sistema especial, a comprobación do incumprimento dos requisitos para ela determinará a exclusión de oficio do sistema, con efectos desde o día en que tivese lugar a incorporación condicionada nel.

Nos supostos en que, con posterioridade á inclusión inicial neste sistema especial, se comprobe que se deixaron de reunir os requisitos para estar comprendido nel, os efectos da exclusión de oficio que practique a Tesouraría Xeral da Seguridade Social produciranse:

a) Desde o día primeiro do ano natural seguinte a aquel en que se deixasen de cumprir os requisitos establecidos nas letras a) e b) do artigo 2.1 da Lei 18/2007, do 4 de xullo.

b) Desde o día primeiro do mes seguinte a aquel en que se deixasen de cumprir os requisitos relativos aos traballadores por conta allea ao servizo dos incluídos neste sistema especial, establecidos no artigo 2.1.c) da Lei 18/2007, do 4 de xullo.

5.ª Sen prexuízo do sinalado nas normas anteriores, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social solicitaralle á Inspección de Traballo e Seguridade Social a realización de cantas comprobacións xulgue oportunas sobre a concorrencia dos requisitos de inclu-

sión neste sistema especial, que, de ser o caso, determinarán as revisións que procedan cos efectos previstos con carácter xeral neste regulamento.

6.ª Os interesados poderán instar a súa exclusión deste sistema especial polo incumprimento sobrevido dos requisitos para quedar comprendidos nel, cos efectos sinalados na norma 4.ª

Para tales efectos, se as solicitudes de exclusión se presentasen dentro do mes seguinte a aquel en que se deixasen de reunir os requisitos exixidos polo artigo 2.1.c) da Lei 18/2007, do 4 de xullo, ou a aquel en que finalizase o prazo de presentación da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao exercicio anterior, de non cumprir os requisitos establecidos nas letras a) e b) do artigo 2.1 da citada lei, o prazo para ingresar as cotas devengadas e non ingresadas no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos será o sinalado no artigo 56.1.c).5.º do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

4. Os traballadores incluídos neste sistema especial poderán acollerse voluntariamente á cobertura da prestación económica por incapacidade temporal. A opción a favor desta cobertura e, de ser o caso, a renuncia a ela realizarase na forma, prazos e cos efectos establecidos no artigo 47.3 deste regulamento, coas seguintes peculiaridades:

1.ª Cando os traballadores que soliciten a súa inclusión neste sistema especial xa estivesen de alta no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, tendo cuberta obrigatoriamente a prestación económica por incapacidade temporal, poderán renunciar á dita cobertura na respectiva solicitude, con efectos desde o día primeiro do mes seguinte ao da súa presentación.

Se na data de efectos da renuncia os traballadores se encontrasen en situación de incapacidade temporal, os ditos efectos adiaranse ao día primeiro do mes seguinte a aquel en que se produza a súa alta médica.

2.ª Cando os traballadores que non se acollen á prestación por incapacidade temporal queden excluídos deste sistema especial, permanecendo en alta no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos pola mesma ou distinta actividade, a cobertura da dita prestación será obrigatoria desde a data de efectos da exclusión no sistema, salvo que se tivese dereito a ela en virtude da actividade realizada noutro réxime da Seguridade Social, caso en que se observará o disposto no artigo 47.3 deste regulamento.

5. A cobertura dos accidentes de traballo e as enfermidades profesionais neste sistema especial resultará obrigatoria respecto ás continxencias de invalidez e morte e supervivencia, sen prexuízo da posibilidade de protexer voluntariamente a totalidade das ditas continxencias nos termos sinalados no parágrafo seguinte.

Os traballadores comprendidos neste sistema especial que optasen por incluír a prestación económica por incapacidade temporal dentro do ámbito da súa acción protectora poderán optar tamén por incorporar nela a cobertura da totalidade das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, sendo de aplicación o establecido ao respecto nas normas 1.ª a 3.ª do artigo 47.4 deste regulamento.

Se o traballador comprendido neste sistema especial realizase outra actividade que der lugar á súa inclusión no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos e que determinar a protección obrigatoria das continxencias profesio-

nais, estará obrigado á cobertura da prestación económica por incapacidade temporal, así como das referidas continxencias, con aplicación do indicado na norma 4.^a do artigo 47.4 deste regulamento.»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.*

O Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, modifícase nos seguintes termos:

Un. A subsección 1.^a da sección 3.^a do capítulo II queda redactada do seguinte xeito:

«Subsección 1.^a Cotización a cargo dos traballadores

Artigo 38. *Elementos da obriga de cotizar: suxeitos, bases, tipos e cotas.*

1. No réxime especial agrario da Seguridade Social están suxeitos á obriga de cotizar, por continxencias comúns, os traballadores incluídos no seu campo de aplicación.

2. As bases mensuais de cotización destes traballadores serán as fixadas, para as súas diferentes categorías profesionais, na respectiva Lei de orzamentos xerais do Estado.

3. O tipo aplicable ás bases de cotización, para a determinación das cotas fixas dos traballadores por continxencias comúns, será o fixado para cada exercicio económico na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.

4. O período de liquidación das cotas a cargo dos traballadores será sempre mensual.

5. As contías das cotas a cargo destes traballadores consistirán en cantidades mensuais, fixadas de acordo cos criterios establecidos nos números anteriores.

Artigo 39. *Contido da obriga de cotizar.*

O nacemento, duración e extinción da obriga de cotizar dos traballadores incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social rexeranse polo disposto nos artigos 12, 13 e 14 deste regulamento, sen máis especialidades que as seguintes:

1.^a A obriga de cotizar nacerá desde o día primeiro do mes natural en que se produza a alta neste réxime especial e se inicie a actividade e extingúese ao vencemento do último día do mes natural en que se cause baixa no dito réxime, salvo no suposto a que se refire o artigo 45.1.5.^a do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, caso en que a cota fixa mensual se dividirá entre trinta en todos os meses.

2.^a Os traballadores incluídos neste réxime especial que realicen traballos que dean lugar á súa inclusión noutro réxime da Seguridade Social por un período superior a seis meses, naturais e consecutivos, á parte de ter que solicitar a súa baixa no réxime especial agrario da Seguridade Social, non terán obriga de cotizar a este réxime por aquelas mensualidades naturais e completas en que acrediten prestar ininterrompidamente e con carácter exclusivo os servizos determinantes da súa inclusión no outro réxime. Os traballadores que se encontren en tal situación non terán dereito, mentres esta subsista, a percibir prestacións deste réxime especial.

Artigo 40. *Liquidación da cota.*

As liquidacións de cotas por continxencias comúns dos traballadores incluídos neste réxime especial estarán sempre referidas ao mes a que corresponda o seu devengo e realizaranse conforme o disposto no artigo 15.2, mediante a emisión dos correspondentes documentos de cotización, para os efectos da súa presentación e pagamento nos termos establecidos no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social e nas súas normas de aplicación e desenvolvemento.

O importe das cotas por continxencias comúns dos traballadores agrarios estranxeiros con contrato de traballo temporal e que precisen de autorización para traballar descontarano os seus empresarios, no momento de lles faceren efectivas as súas retribucións, para o seu ingreso conforme o disposto no artigo 43.2 do texto refundido do réxime especial agrario da Seguridade Social, aprobado polo Decreto 2123/1971, do 23 de xullo.»

Dous. Os números 1 e 3 do artigo 43 quedan redactados do seguinte xeito:

«1. No réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos son suxeitos da obriga de cotizar as persoas que, en razón da súa actividade, se encontran obrigatoriamente incluídas no seu campo de aplicación.

Os suxeitos da obriga de cotizar son tamén responsables do seu cumprimento como obrigados directos respecto de si mesmos; son responsables subsidiarios do pagamento as persoas determinadas nos artigos 2.1 da Lei 18/2007, do 4 de xullo, e 3.a) do Decreto 2530/1970, do 20 de agosto, polo que se regula o réxime especial de Seguridades Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, con respecto aos seus familiares incluídos, respectivamente, nos artigos 2.3 e 3.b) da lei e o decreto antes sinalados, así como as compañías a que se refire o artigo 3.c) do citado decreto con respecto aos seus socios e sen prexuízo, en ambos os dous casos, do dereito do responsable subsidiario a repetir contra o principal obrigado ao pagamento.

As cooperativas de traballo asociado que optasen, respecto dos seus socios traballadores, pola súa incorporación a este réxime especial, responderán solidariamente da obriga de cotizar daqueles.»

«3. Os tipos de cotización aplicables serán os fixados na Lei de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio económico, conforme o disposto no artigo 10 deste regulamento.»

Tres. O artigo 44 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 44. *Cotización por incapacidade temporal e por continxencias profesionais.*

Os traballadores incluídos no campo de aplicación do réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos cotizarán pola continxencia de incapacidade temporal e polas continxencias derivadas de accidente de traballo e enfermidade profesional nos supostos e cos efectos previstos nos artigos 47.3 e 4 e 47 bis.4 e 5 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos dos traballadores na Seguridade Social.»

Catro. Os números 3, 4 e 5 do artigo 45 quedan redactados do seguinte xeito:

«3. A cotización pola prestación de incapacidade temporal derivada de continxencias comúns rexerase polas seguintes normas:

1.^a Nos supostos de cobertura obrigatoria da dita prestación, a obriga de cotizar nacerá e extinguirase conforme o indicado no número 2, salvo nas situacións previstas nos artigos 47.3.4.^a e 47 bis 4.2.^a do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, en que o seu nacemento coincidirá cos efectos establecidos nos ditos preceptos para a protección obrigatoria desa prestación.

2.^a Nos supostos de acollemento voluntario á dita prestación, nos termos previstos nos artigos 47.3 e 47 bis 4 do regulamento xeral antes citado, o contido da obriga de cotizar será o seguinte:

a) Cando a solicitude de mellora se presente simultaneamente coa petición de alta neste réxime especial, a obriga de cotizar nacerá desde o día 1 do mes en que produza efectos a alta no réxime.

Cando os traballadores que xa estivesen en alta formulen a petición de acollemento voluntario á prestación de incapacidade temporal, a obriga de cotizar nacerá desde o día 1 de xaneiro do ano seguinte ao da solicitude.

b) A obriga de cotizar manterase por un período mínimo dun ano natural e prorrogarase automaticamente por períodos de igual duración.

c) A obriga de cotizar por incapacidade temporal extinguirase por renuncia a ela, nos supostos e cos efectos previstos nos artigos indicados, ou pola baixa neste réxime especial, con efectos desde o día 1 do mes seguinte a aquel en que se produza.

4. A cotización polas contingencias profesionais determinará, para os traballadores obrigados ou acollidos voluntariamente á súa cobertura, o nacemento da obriga de cotizar pola mesma base pola que coticen por contingencias comúns e conforme os tipos de cotización da tarifa de primas vixente.

No suposto de traballadores incluídos no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios que non optasen por protexer a totalidade das contingencias profesionais, a cotización obrigatoria, respecto ás de invalidez e morte e supervivencia, efectuarase aplicando á base elixida o tipo de cotización fixado, para cada exercicio económico, na Lei de orzamentos xerais do Estado.

5. No suposto de que os traballadores autónomos, que estivesen obrigados ou acollidos voluntariamente á protección por incapacidade temporal e fronte ás contingencias profesionais, queden exentos de cotizar por teren cumpridos 65 ou máis anos de idade e acreditar 35 ou máis anos de cotización efectiva á Seguridade Social, conforme a disposición adicional trixésimo segunda da Lei xeral da Seguridade Social, a obriga de cotizar por incapacidade temporal e polas contingencias profesionais manterase, segundo os casos, ata a data de efectos da renuncia á dita cobertura ou da baixa neste réxime especial.»

Artigo terceiro. *Modificación do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.*

Engádese un número 5.^o ao artigo 56.1.c) do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, coa seguinte redacción:

«5.^o Respecto ás solicitudes de exclusión do sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, presentadas polos traballadores por incumprimento sobrevido dos requisitos para quedaren comprendidos nel, o prazo regulamentario

para o ingreso das cotas devengadas e non ingresadas no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos finalizará o último día do mes seguinte ao da presentación da respectiva solicitude, que deberá formularse nos prazos indicados no número 3.6.^a do artigo 47 bis do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social.»

Artigo cuarto. *Modificación do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro.*

O Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 1 do artigo 2 queda redactado do seguinte xeito:

«1. Consideraranse mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social as asociacións de empresarios que, debidamente autorizadas polo Ministerio de Traballo e Inmigración e con tal denominación, se constituían co obxecto de colaboraren, baixo a dirección e tutela do dito ministerio, na xestión das contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais do persoal ao seu servizo, sen ánimo de lucro, con suxeición ás normas deste regulamento e coa responsabilidade mancomunada dos seus membros.

De conformidade co establecido na disposición adicional décimo primeira.1 da Lei xeral da Seguridade Social, tamén poderán asumir a cobertura da prestación económica por incapacidade temporal derivada de contingencias comúns do persoal ao servizo dos empresarios asociados.

De acordo co establecido nas disposicións adicionais décimo primeira. 2 e trixésimo cuarta. 3 da Lei xeral da Seguridade Social, asumirán a protección da prestación económica por incapacidade temporal derivada de contingencias comúns e fronte ás contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais dos traballadores incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.

Así mesmo, poderán asumir a protección das contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais dos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, de conformidade co establecido no artigo 48.4 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.»

Dous. O título do capítulo III do título II queda redactado do seguinte xeito:

«CAPÍTULO III

Xestión da prestación económica por incapacidade temporal no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos»

Tres. O artigo 74 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 74. *Traballadores adheridos.*

1. Os traballadores comprendidos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos que, de forma obrigatoria ou opcional e nos termos establecidos nos artigos 47.2 e 3 e 47 bis. 4 do

Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, inclúan dentro da súa acción protectora a prestación económica por incapacidade temporal, deberán formalizar a súa protección cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.

2. Para efectos do previsto no número anterior, as mutuas deberán aceptar toda proposición de adhesión que lles formulen os traballadores autónomos, nos mesmos termos e con igual alcance que as entidades xestoras da Seguridade Social. A falta de pagamento de cotizacións á Seguridade Social non poderá dar lugar á resolución do convenio de adhesión, sen prexuízo do establecido na normativa reguladora do réxime da Seguridade Social de que se trate, respecto ás condicións necesarias para ter dereito á prestación.»

Catro. O artigo 75 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 75. *Formalización.*

1. A relación do traballador coa mutua formalizarase mediante a subscripción do correspondente «documento de adhesión», que terá un prazo de vixencia dun ano natural, entendéndose prorrogado tacitamente polo mesmo período, salvo denuncia expresa formulada polo interesado e debidamente notificada, antes do 1 de outubro do exercicio anterior a que deba producir efectos a adhesión a outra entidade ou a renuncia á cobertura, e sempre que o interesado, na data de solicitude do cambio de entidade, non se encontre en baixa por incapacidade temporal. Neste último suposto manterase a opción realizada con anterioridade, que se poderá modificar antes do día 1 de outubro do exercicio seguinte e con efectos do 1 de xaneiro posterior, sempre que, no momento de formular a nova solicitude, o interesado estea en alta.

Non obstante o anterior, se na data de se facer efectiva a opción realizada o interesado se atopase en baixa por incapacidade temporal, os efectos da dita opción adiaranse ao día 1 do mes seguinte a aquel en que se produza a correspondente alta.

En todo caso, o exercicio da opción que se prevé nos parágrafos anteriores deste número quedará condicionada a que o interesado estea ao día no pagamento de cotizacións á Seguridade Social.

Nos supostos de disolución da mutua, por causa diferente á súa fusión ou absorción, os traballadores por conta propia que estivesen adheridos a ela deberán formalizar a cobertura da incapacidade temporal con outra mutua da súa elección, dentro dos 30 días seguintes á data de efectos da disolución, aínda que nesta data o interesado estea en situación de baixa.

2. No documento de adhesión previsto no número 1 recolleranse os dereitos e deberes do interesado e da mutua, así como a data e hora en que nazen e se extingan os seus efectos. Así mesmo, deberá expresar necesariamente o nome e apelidos do traballador, a denominación ou razón social, de ser o caso, o seu domicilio e actividade, así como o réxime e número da Seguridade Social.

3. O Ministerio de Traballo e Inmigración establecerá o modelo de «documento de adhesión» previsto nos números anteriores.»

Cinco. O artigo 85 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 85. *Traballadores adheridos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 48.4 do Regulamento xeral sobre inscrición de

empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, os traballadores por conta propia incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores de mar poderán optar por formalizar a xestión da cobertura das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.

A dita opción deberaa aceptar obrigatoriamente a mutua. A falta de pagamento de cotizacións á Seguridade Social non poderá dar lugar á resolución da relación de adhesión resultante, sen prexuízo do establecido respecto das condicións de acceso ás prestacións na normativa reguladora do réxime da Seguridade Social de que se trate.

A adhesión terá un prazo de vixencia dun ano, debendo coincidir, en todo caso, o seu vencemento co último día do mes, e entenderase prorrogada tacitamente por períodos anuais, salvo denuncia en contrario do traballador por conta propia, debidamente notificada cun mes de antelación, como mínimo, á data de vencemento.

2. Os traballadores incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos que protexan, con carácter voluntario ou obrigatorio, as continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais nos termos establecidos nos artigos 47.4 e 47 bis.5 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, deberán formalizar a dita cobertura coa mesma mutua con que teñan formalizada ou formalicen a prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns.

Os traballadores incluídos no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios que non optasen pola cobertura da prestación por incapacidade temporal, deberán formalizar a protección das continxencias profesionais por invalidez e morte e supervivencia coa mutua da súa elección.

A proposta de adhesión deberaa aceptar obrigatoriamente a mutua. A falta de pagamento de cotizacións á Seguridade Social non poderá dar lugar á resolución da relación de adhesión resultante, sen prexuízo do establecido respecto das condicións de acceso ás prestacións no artigo 5 do Real decreto 1273/2003, do 10 de outubro, polo que se regula a cobertura das continxencias profesionais dos traballadores incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, e a ampliación da prestación por incapacidade temporal para os traballadores por conta propia.

A dita proposta deberaa realizar o traballador no momento de formalizar o documento de adhesión coa mutua, indo unida á súa vixencia, de modo que, conforme o establecido no artigo 75, terá un prazo de vixencia dun ano natural, prorrogable tacitamente polo mesmo período.

Non obstante, nos supostos de cobertura voluntaria destas continxencias o traballador poderá renunciar a ela na forma, prazo e demais condicións, e cos efectos establecidos nos artigos 47.4 e 47 bis.5 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, sen que iso implique alterar os seus restantes dereitos e obrigas como adherido. Realizada esta renuncia, o traballador poderase acoller novamente á protección na forma, prazos e demais condicións e cos efectos establecidos nos referidos artigos, caso en que a deberá formalizar coa mutua con que teña formali-

zada ou formalice a xestión da prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns.»

Seis. O artigo 86 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 86. *Formalización.*

1. A relación do traballador por conta propia coa mutua, resultante do exercicio da opción ou da obrigatoriedade da cobertura das continxencias profesionais por invalidez e morte e supervivencia, a que se refiren, respectivamente, o número 1 e o parágrafo segundo do número 2 do artigo 85, formalizarase mediante a subscripción do correspondente «documento de adhesión», en que se recollerán os dereitos e obrigas do traballador por conta propia e da mutua, así como a data e hora en que nazan e se extingan os seus efectos.

2. A cobertura opcional ou obrigatoria a que se refire o parágrafo primeiro do número 2 do artigo 85 formalizarase nun anexo ao «documento de adhesión» para a xestión da prestación económica por incapacidade temporal, establecido no artigo 75.1, en que se recollerán os dereitos e obrigas do traballador e da mutua, así como a data e hora en que nazan e se extingan os seus efectos.

3. O Ministerio de Traballo e Inmigración establecerá os correspondentes modelos de «documento de adhesión» e de anexo previstos nos números anteriores.»

Disposición adicional primeira. *Supostos de cobertura da incapacidade temporal derivada de continxencias comúns e das continxencias profesionais dos traballadores por conta propia por unha entidade xestora da Seguridade Social.*

1. A protección das continxencias profesionais dos traballadores incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos que teñan cuberta a prestación económica por incapacidade temporal cunha entidade xestora da Seguridade Social deberase formalizar con esta última, nos termos sinalados polos artigos 47.4 e 47 bis.5 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, conforme a redacción dada a ambos os dous por este real decreto.

2. A afiliación e a alta de oficio no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social determinará, así mesmo, a formalización de oficio da cobertura da incapacidade temporal derivada de continxencias comúns e, de ser o caso, das continxencias profesionais coa correspondente entidade xestora da Seguridade Social, nos supostos en que os traballadores autónomos afectados por estas actuacións resulten obrigados á súa protección.

O disposto no parágrafo anterior será de aplicación, así mesmo, nos supostos previstos no artigo 47.3.4.^a do regulamento xeral antes citado, na redacción dada por este real decreto, de non ter cuberta o traballador a protección por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns cando esta pase a ser obrigatoria.

A cobertura prevista neste número terá carácter provisional ata que os traballadores procedan a formalizala cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social. Os efectos desta formalización terán lugar desde o día primeiro do mes seguinte ao da súa realización, salvo que nesa data os traballadores estean en situación de incapacidade temporal, caso en que os efectos se adiarán ata o día primeiro do mes seguinte a aquel en que se produza a súa alta médica.

Disposición adicional segunda. *Traballadores autónomos con actividades profesionais con maior risco de sinistralidade.*

O disposto nos regulamentos xerais modificados por este real decreto respecto aos traballadores autónomos que estean obrigados a protexer as continxencias profesionais por desempeñaren unha actividade profesional con elevado risco de sinistralidade, así como a efectividade da acción protectora que da dita cobertura derive, quedará condicionado ao específico desenvolvemento regulamentario previsto na Lei 20/2007, do 11 de xullo, canto á determinación das actividades con maior risco de sinistralidade.

Disposición adicional terceira. *Particularidades da acción protectora dos traballadores por conta propia agrarios integrados no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.*

1. As cotizacións satisfeitas ao réxime especial agrario polos traballadores por conta propia integrados no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos entenderanse efectuadas neste último, tendo plena validez tanto para perfeccionar o dereito coma para determinar a contía das prestacións previstas na acción protectora do dito réxime especial.

Sen prexuízo do sinalado no parágrafo anterior, cando, con anterioridade ao 31 de decembro de 2007, se acrediten períodos de cotización simultáneos no réxime especial agrario como traballadores por conta propia e no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, tales cotizacións superpostas teranse en conta para os únicos efectos da determinación da base reguladora das prestacións, sen que a suma de bases de cotización poida superar a base máxima vixente en cada momento no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.

2. As prestacións causadas a partir do 1 de xaneiro de 2008 por quen, como consecuencia da súa integración no réxime especial agrario como traballador por conta propia, resulte pensionista do dito réxime, rexeranse polas normas do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.

Disposición transitoria primeira. *Cobertura da incapacidade temporal derivada de continxencias comúns e das continxencias profesionais polos traballadores por conta propia agrarios integrados no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos.*

1. Os traballadores provenientes do réxime especial agrario da Seguridade Social que estean acollidos á cobertura da prestación económica por incapacidade temporal e que o 1 de xaneiro de 2008 queden incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, quedarán acollidos neste á protección da incapacidade temporal derivada de continxencias comúns e das continxencias profesionais. Esta cobertura considerarase formalizada coa entidade xestora ou colaboradora con que estivesen cubertas a incapacidade permanente e a morte e supervivencia derivadas de continxencias profesionais no réxime especial agrario.

2. Os traballadores provenientes do réxime especial agrario da Seguridade Social que non estivesen acollidos á cobertura da prestación económica por incapacidade temporal e que o 1 de xaneiro de 2008 queden incluídos no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios poderán optar por se acolleren voluntariamente á cobertura da prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns e da totalidade das continxencias de accidentes de traballo e enfer-

midades profesionais, ata o último día do mes seguinte ao da entrada en vigor deste real decreto e con efectos desde o día primeiro do mes seguinte a aquel en que se presente a respectiva solicitude.

De non se exercer a opción no referido prazo, a incorporación no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios producirase coa exclusión de tales coberturas, coa excepción da protección das continxencias profesionais por invalidez e morte e supervivencia.

3. A opción prevista no número anterior poderana exercer tamén, respecto á cobertura das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, os traballadores provenientes do réxime especial agrario da Seguridade Social que non estivesen acollidos á cobertura da prestación económica por incapacidade temporal e que o 1 de xaneiro de 2008 queden incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, pero non no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios.

4. Os dereitos e obrigas derivados das coberturas previstas nos números anteriores rexeranse polo disposto nos artigos 47 e 47 bis do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e sobre afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, na redacción dada a ambos os dous por este real decreto. Para tal efecto, o cómputo dos prazos establecidos nos ditos preceptos iniciárase a partir do 1 de xaneiro de 2008.

Disposición transitoria segunda. Cotización dos traballadores por conta propia agrarios integrados no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.

A cotización no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos respecto aos traballadores provenientes do réxime especial agrario da Seguridade Social levarase a cabo por unha base de cotización de importe igual a aquela pola que os ditos traballadores viñesen cotizando no seu réxime de procedencia, sempre e cando a dita base de cotización fose igual ou superior á base mínima de cotización que corresponda no exercicio 2008 no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos. No caso de resultar inferior, a base de cotización de tales traballadores será a base mínima deste último réxime especial.

A base de cotización dos traballadores que, por razón de pluriactividade, figurasen en alta ata o 31 de decembro de 2007 no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos e no réxime especial agrario, como traballadores por conta propia, será a correspondente ao primeiro dos ditos réximes conforme as normas de cotización nel aplicables. Non obstante, estes traballadores poderán optar, ata o último día do mes seguinte a aquel en que entre en vigor este real decreto e con efectos de xaneiro de 2008, por elixir como base de cotización a resultante de sumar aquelas polas que cotizasen a ambos os dous réximes no mes de decembro de 2007.

Disposición transitoria terceira. Formalización da cobertura obrigatoria da incapacidade temporal e das continxencias profesionais no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.

1. No suposto de que os traballadores autónomos que quedasen obrigados á protección da prestación económica por incapacidade temporal a partir da entrada en vigor da Lei 20/2007, do 11 de xullo, por non se encontraren acollidos a ela na data do 31 de decembro de 2007, non a formalizasen na data do 1 de xaneiro de 2008 cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, a dita cobertura será asumida pola correspondente entidade xestora da Seguridade

Social ata o momento en que se produza a elección obrigatoria de mutua, formalizando a súa cobertura, de oficio, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que dará conta do incumprimento á Inspección de Traballo e Seguridade Social para os efectos oportunos.

A formalización prevista no número anterior estenderase á cobertura das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais por parte daqueles traballadores incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos que, desde o 1 de xaneiro de 2008, queden obrigados á súa protección, de conformidade co previsto no artigo 47.4 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, na redacción dada ao dito precepto por este real decreto e sen prexuízo do establecido na disposición adicional segunda respecto aos traballadores que desempeñen actividades con elevado risco de sinistralidade.

2. O disposto no número anterior será tamén de aplicación aos traballadores provenientes do réxime especial agrario da Seguridade Social que non estivesen acollidos á cobertura da incapacidade temporal e que na data do 1 de xaneiro de 2008 quedasen incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos con obriga de protexer a dita prestación, de non formalizar a súa cobertura cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social nesa data.

3. Se na data de efectos da elección de mutua os traballadores a que se refire esta disposición transitoria estivesen en situación de incapacidade temporal, os ditos efectos adiaranse ata o día primeiro do mes seguinte a aquel en que se produza a súa alta médica.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, de forma expresa, os artigos 36 e 37 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do título competencial previsto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. Habilitación normativa.

Facúltase o ministro de Traballo e Inmigración para ditar cantas disposicións de carácter xeral resulten necesarias para a aplicación e desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 1 de agosto de 2008.

O ministro de Traballo e Inmigración,
CELESTINO CORBACHO CHAVES

JUAN CARLOS R.